



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



Programación docente Escola Galega de Saúde Pública 2025



DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 542 930
saude publica@sergas.gal
www.sergas.gal



A Escola Galega de Saúde Pública é instrumento estratéxico da Consellería de Sanidade, encargado da xeración e transferencia do coñecemento en materia de saúde pública, formando, investigando e innovando co obxectivo de proporcionar un perfil de alta capacidade técnico científica aos profesionais que desenvolven funcións no seo da saúde pública, a outros profesionais de diferentes ámbitos públicos e privados, así como a cidadanía.

Coa súa actividade contribúe ao impulso dunha nova saúde pública, que responda aos principios de intersectorialidade e preparada para afrontar as novas ameazas e actuar como bisagra na coordinación de todos os actores implicados, cun enfoque centrado na cidadanía, equidade e ganancia en saúde.

Programación docente 2025

Logo de consultar coas diferentes unidades da Dirección Xeral e atendendo ao establecido nos itinerarios formativos e as necesidades de formación dos diferentes colectivos profesionais e a cidadanía, para o ano 2025 establécese a seguinte programación docente.

A.- Programa formativo destinado aos profesionais de saúde pública: A nosa Escola.

Formación de capacitación profesional e formación continuada que permita a actualización permanente dos coñecementos nesta materia.

- 1. Formación de capacitación:** desenvolvida a través de Master, Diplomas o cursos superiores en materias concretas de saúde pública.
- 2. Formación continuada:** co obxectivo do que os profesionais avancen no coñecemento científico e manteñan a actualización dos coñecementos necesarios para o seu desempeño profesional.



B.- Programa formativo destinado a outros colectivos profesionais e a cidadanía: A Escola Aberta.

Destinada a formación e información de profesionais de diferentes ámbitos públicos e privados, así como á cidadanía.

3. Formación á carta: Programas específicos de formación en saúde pública. Destinada ao persoal das administracións local e autonómica (ámbito da educación, ámbito sociosanitario, etc..), persoal de entidades ou empresas e axentes sociais.

4. Formación/información para a cidadanía

Actividades Formativas 2025

A.- PROGRAMA FORMATIVO DESTINADO AOS PROFESIONAIS DE SAÚDE PÚBLICA: A NOSA ESCOLA

A1. Capacitación. En colaboración coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Escuela Nacional de Sanidad (ENS):

1.- Diplomado en Saúde Pública

Modalidade: Teleformación

Xestión: Escola Galega de Saúde Pública/ACIS

Destinatarios:

Para cursar o Diplomado en Saúde Pública deberase estar en posesión de licenciatura, diplomatura ou Grao Universitario ou equivalente no sector sanitario ou ser profesional titulado universitario que desempeñe funcións no ámbito sanitario no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias debendo, en caso de titulacións estranxeiras, presentarse a debida homologación.

Edicións: 1

Créditos ECTS: 30

Datas: Novembro 2025 a xuño 2026.



A2. ITINERARIO FORMATIVO TRANSVERSAL

2- Prevención de riscos laborais para o desenvolvemento de tarefas administrativas

Realízase a través da EGAP en coordinación co servizo de Prevención de Riscos da Xunta.

Modalidade: Teleformación

Destinatarios: todos os profesionais da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Edicións: 1

Horas lectivas: 3

Datas: 17 ao 21 de marzo

Formación en Coñecementos básicos de ofimática e competencias dixitais

3.- As táboas dinámicas en LibreOffice Calc

Modalidade: presencial

Destinatarios: Todo o persoal da DXSP e das DDPP.

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: aula informática de ACIS

Datas: 19 de maio 2025- 30 setembro de 2025

4.- *Sistemas de Información Xeográfica: Análise espacial e elaboración de mapas.*

Modalidade: presencial

Destinatarios: Todo o persoal da DXSP e das DDPP.

Edicións: 2

Horas lectivas: 4 h por edición

Datas: 3/4 de xuño de 2025

Lugar de celebración: aula informática de ACIS



5.- Coñecementos básicos no manexo dos sistemas de información de análise complexos (SIAC)

Modalidade: presencial

Destinatarios: Todo o persoal da DXSP e das DDPP.

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Datas: outubro de 2025

Lugar de celebración: aula informática de ACIS

6.- IA e ofimática na administración sanitaria

Modalidade: presencial

Destinatarios: Todo o persoal da DXSP e das DDPP.

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Datas: novembro de 2025

Lugar de celebración: Consellería de Sanidade

A3. ITINERARIO FORMATIVO ESPECÍFICO

Servizo de Estilos de vida saudables/Conduas aditivas

7.- Diagnóstico de saúde e Potenciación de Activos. En colaboración coa Escuela Andaluza de Salud Pública, Farmamundi

Destinatarios: Persoal da administración e REGAPS

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas : 20

Datas: Novembro

A4.-FORMACIÓN EN HABILIDADES

8.- Xestión eficaz do tempo

Destinatarios:

Modalidade: Telepresencial



Edicións: 2

Horas lectivas : 5 h por edición

Datas: 17-18 de novembro

B.- PROGRAMA FORMATIVO DESTINADO A OUTROS PROFESIONAIS E A CIDADANÍA: A ESCOLA ABERTA

9.- Webinar enfermidade de Chagas.

Destinatarios: Facultativos de medicina familiar e comunitaria e farmacia, persoal de enfermaría

Modalidade: Telepresencial

Edicións: 1

Horas lectivas : 0,5

Relatores: EASP

Datas: 19/02/2025

10.- Plan de formación sobre vacinación no adulto.

Patrocinado por GSK. En colaboración co IDIS

Modalidade: presencial

Destinatarios: profesionais de medicina e enfermaría familiar e comunitaria.

Edicións 9: Vigo; O Barco de Valdeorras; Ferrol; Ourense; Pontevedra; Santiago de Compostela; A Mariña; Lugo; A Coruña.

Horas lectivas: 4 h por edición

Datas: 06/03/2025; 12/03/2025; 13/03/2025; 17/03/2025; 26/03/2025; 27/03/2025; 01/04/2025; 08/04/2025; 09/04/2025; 25/04/2025

11.- Plan de formación sobre prevención da lexielose en clínicas odontolóxicas .

En colaboración cos colexios de odontólogos provinciais

Modalidade: presencial

Destinatarios: profesionais de medicina e enfermaría familiar e comunitaria.

Edicións 4: Ourense; Pontevedra; Lugo; A Coruña.

Horas lectivas: 4 h por edición

Datas: DECEMBRO.